

Palabras patrimoniais, cultas e semicultas

As **palabras patrimoniais** ou populares son vocábulos procedentes do latín que sufriron diversas transformacións até adquiriren a forma actual.

Estas palabras, que constitúen a maior parte do noso vocabulario, son as máis antigas da lingua.

Denominamos **palabras cultas** ou cultismos aos termos orixinarios do latín e do grego que chegaron á lingua despois de se realizaren as transformacións que deron forma ás palabras patrimoniais.

Os cultismos mostran leves modificacións a respecto do étimo (a palabra de que provén un vocábulo).

As **palabras semicultas** ou semicultismos son vocábulos derivados do latín que experimentaron pequenas mudanzas en relación á lingua de orixe.

ÉTIMO	PALABRA PATRIMONIAL	SEMICULTISMO	CULTISMO
LACUM	<i>lago</i>	—	<i>lacuna</i>
PLORARE	<i>chorar</i>	<i>pranto</i>	<i>implorar</i>
CLAVEM	<i>chave</i>	—	<i>clave</i>
PLENUM	<i>cheo</i>	<i>preamar</i>	<i>pleno</i>
CLAVICULAM	<i>chavella</i>	<i>caravilla</i>	<i>clavícula</i>
PLAGAM	<i>chaga</i>	<i>praga</i>	—

ACTIVIDADES

1. Preenche as columnas con vocábulos patrimoniais ou cultos vinculados ao étimo que se indica.

Étimo	Palabra patrimonial	Palabra culta
LUNAM	<i>lúa</i>	
COLOREM		<i>colorante</i>
LACTEM	<i>leite</i>	
OCULUM		<i>ocular</i>
AURICULAM	<i>orella</i>	
NOCTEM		<i>noctámbulo/a</i>
PLANTARE		<i>plantar</i>

2. Completa estes enunciados con cultismos pertencentes á familia léxica de *auga*, *cábelo*, *chave*, *chuvia*, *doar* e *xeo*.

- Os nenúfares son plantas.....
- A parroquia recibiu un.....de máis de mil euros.
- Esta é a.....da cuestión.
- En breve vai comezar un tratamento.....porque ten unha calvicie moi avanzada.
- A noite foi tan fría que se
- a auga da fonte.
- O..... mediu dez litros por metro cadrado.

3. En cada unha destas series de palabras hai un cultismo. Identifícao.

- dor, dolorosa, doenza, doente
- persoa, impersoal, personaxe, persoalmente
- luminiscente, lume, alumear, lumieira

4. Explica as diferenzas semánticas existentes en cada par de vocábulos procedentes dun mesmo étimo.

PRIMARIUM	primeiro (patr.) primario (cult.)
MACULAM	mancha (patr.) mácula (cult.)
CLAMARE	chamar (patr.) clamar (cult.)
PLANUM	chan (patr.) plano (cult.)
CALIDUM	caldo (patr.) cálido (cult.)
STRICTUM	estreito (patr.) estrito (cult.)
MATERIAM	madeira (patr.) materia (cult.)
CONCILIVM	concello (patr.) concilio (cult.)

5. Que termo de cada serie é un semicultismo?

sectorio,	cheo, preamar,	regra, regular
sector, seita	pleno	rellá